

Universidade de Vigo - Registro Xeral
Saída Nº. 201700005266 29/03/17 12:32:35

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 29 DE MARZO DE 2017 POLA QUE SE CONVOCAN CONCURSOS DE CREACIÓN AUDIOVISUAL, FOTOGRAFÍA, MAQUETAS DE MÚSICA E PINTURA PARA O ANO 2017.**

En virtude das facultades outorgadas na lexislación vixente e nos Estatutos desta Universidade, esta reitoría acorda ditar a seguinte:

**RESOLUCIÓN**

Convocar os concursos:

- **XV premio de creación audiovisual**
- **XVI certame de fotografía**
- **XV de maquetas de música**
- **XV premio de pintura**

As bases da convocatoria figuran no políptico que se achega á presente Resolución.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.


En Vigo 29 de marzo de 2017

O REITOR

PD R.R. 7/5/2014 –DOG 13/5/2014

O vicerreitor de Extensión Universitaria  
e Relacións Internacionais

Dilixencia para facer constar que esta Resolución se publica con esta data no taboleiro de anuncios dos Registros da Universidade de Vigo  
Vigo, 29 de marzo de 2017  
A xefa de Sección de Extensión Universitaria

  
Monserrat González Vázquez

  
Manuel Fernández Iglesias